DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé Mª. Arias Fernández
D. Daniel García Fernández
D. Carlos López López

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de agosto de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora Dª. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten a Sra Deputada Dª. Mª del Pilar García Porto e os Srs. Deputados D. Miguel Fernández Méndez e D. Iván Castro Díaz.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de agosto de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excma. Deputación provincial de Lugo á Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR) para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos" na anualidade 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos" polo importe de 35.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2024.
4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 12.01.2024, do Plan Estratéxico de Subvencións


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 2/36 |

da Deputación de Lugo 2023 - 2025 (PES), aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 20.01.2023, na liña 4.1.c): Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2024, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos". Esta actuación consiste en organización e desenvolvemento dun plan de formación dirixido as persoas ocupadas do sector da automoción, para lo que se levará a cabo unha dixitalización de contidos para nutrir a plataforma de formación e a impartición de titorías presencias na provincia.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención de carácter excepcional, por importe de 35.000€, a favor da entidade "Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)" para sufragar gastos derivados da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos", subvención incluída na liña 4.1.c que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

**2º.-** Aprobar o gasto de 35.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2024, a favor da "Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)", para sufragar os gastos derivados da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos".

**3º.-** Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se recolle a continuación:

*CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE "ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 3/36 |

*REPARACIÓN Y VENTA DE AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS (APREVAR)", CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "FORMACIÓN SEMIPRESENCIAL Y DIGITALIZACIÓN DE CONTENIDOS" NA ANUALIDADE 2024 (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE DATA )*

*En*

*INTERVEÑEN*

*Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*E doutra parte, Luis Abelleira Mayor con DNI **9147**, na súa condición de Presidente, actúa en nome e representación da entidade "Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)", en adiante beneficiaria, con NIF G27030790, e con sede social en estrada de Vegadeo, nº 56, 27192 Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.*

*Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas partes:*

*MANIFESTAN*

*Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado pola Xunta de Goberno o 20 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2024 do vixente ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024, aprobado o 12 de xaneiro de 2024 pola Xunta de Goberno, prevese na Liña 4.1 – Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para mellorar os indicadores de actividade económica da provincia de Lugo, tales coma reducir a taxa de desemprego, promover actuacións que supoñan un aumento nas taxas de actividade en sectores con alto potencial, fomentar o emprendemento, promover o consumo e a colaboración e cooperación entre os distintos axentes sociais para crear un provincia forte, estruturada e cohesionada.*

*Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico de mellorar a competitividade empresarial para consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.*

*Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 35.000€, a favor da beneficiaria, Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR) co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos", na anualidade do 2024.*

*Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 35.000€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.*

*Cuarto: A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.*

*Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.*

*Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:*

*CLÁUSULAS:*

*Primeira.- Obxecto do convenio.*

*O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Formación semipresencial y digitalización de contenidos", na anualidade 2024. Esta actuación consiste en organización e desenvolvemento dun plan de formación dirixido as persoas ocupadas do sector da automoción, para lo que se levará a cabo unha dixitalización de contidos para nutrir a plataforma de formación e a impartición de titorías presencias na provincia.*

*Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.*

*O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 37.000€.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 5/36 |

*A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.*

*Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.*

*Terceira.- Achegas e compromisos das partes.*

*Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.*

*Da Deputación:*

- *Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 35.000€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.*
- *O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.*
- *En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.*
- *A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.*

*Da Beneficiaria:*

- *Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.*
  *Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.*
- *Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.*
- *Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.*
- *Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.*
- *Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.*

- *Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.*
- *Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.*

*Cuarta.- Subcontratación.*

*A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.*

*A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.*

*En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.*

*No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:*

- *Que o contrato se celebre por escrito.*
- *Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.*

*Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.*

*Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.*

*A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.*

*A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:*

1. *Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.*
2. *Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.*
3. *Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea*

*xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.*

4. *Que estean vinculadas coa beneficiaria.*
5. *Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.*

*No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:*

a) *Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.*
b) *Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.*
   *A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.*

*De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.*

*Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.*

*O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.*

*Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.*

*A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.*

*De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.*

*Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.*


| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 8/36 |

*Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.*

*O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2025.*

*Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).*

*De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.*

*Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.*

*Gastos subvencionables.*

*Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2024.*

*Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.*

*O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

*Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.*

*A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):*

- *ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.*

- *ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.*

  *No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.*

- *ANEXO III. Declaración conxunta*

  *Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.*

  *Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.*

  *Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.*

*Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.*

- *Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.*

- *Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.*

  *A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.*

  *Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data ________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).*

  *Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.*

  *Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).*

- *Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.*

  *A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (CANDO O IMPORTE DO GASTO SUBVENCIONABLE SUPERE AS CONTÍAS ESTABLECIDAS NA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O CONTRATO MENOR (15.000,00 € -SEN IVE- EN SERVIZOS E SUBMINISTROS E 40.000,00 € -SEN IVE- EN OBRAS)*

- *Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.*

- *No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.*

*Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.*

*O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.*

*O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.*

*O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 12/36 |

*Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.*

*Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:*

a. *Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.*
b. *Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.*
c. *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.*
d. *Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.*
e. *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
f. *Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
g. *Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
h. *A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.*
i. *Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

*Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á*

*satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.*

*Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.*

*O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.*

*As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.*

*Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.*

*Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.*

*Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.*

*Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.*

*De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.*

*Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

| *EPÍGRAFE* | *CÓDIGO* | *DESCRICIÓN* |
|---|---|---|
| *SECTOR ECONÓMICO* | *94.9* | *Outras actividades asociativas* |
| *FINALIDADE* | *4* | *Outras prestacións económicas* |
| *IMPACTO DE XÉNERO* | *2* | *Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación.* |
| *INSTRUMENTO DE AXUDA* | *SUBV* | *Subvención e entrega dineraria sen contraprestación* |

*Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.*

*Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.*

*A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.*

*Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.*

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.*

*Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.*

*O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.*

*A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.*

*Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.*

*Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.*

*A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2024, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.*

*O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.*

*Décimo quinta.- Modificación do convenio*

*O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.*

*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.*

*Décimo sexta.- Carácter do convenio.*

*O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.*

*Décimo sétima.- Plan de auditoría.*

*A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:*

1. *Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.*
2. *Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.*
3. *Verificar a data de pago dos devanditos documentos.*

*Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.*

*Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.*

*As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.*

*CLÁUSULAS ADICIONAIS*

*Primeira.- Anticipo.*

*A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 30% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 10.500€, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.*

*A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.*

*De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.*

*En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarias cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.*

*Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:*

1. *Solicitude do anticipo.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 17/36 |

2. *Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.*
3. *Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.*

*O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.*

*O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

**3. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FOLLA DE APRECIO ANTAS DE ULLA.- PARQUE CENTRAL DE GALICIA EN NUGALLÁS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Con data do 26/04/2024, a Xunta de Goberno aprobou o inicio do expediente de expropiación forzosa dunha finca, cuxos bens e dereitos son necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Resoltas as alegacións á información pública e aprobado definitivamente o expediente coa necesidade de ocupación dos bens, foilles requirida folla de aprecio tal e como establece o artigo 29 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).

Recibido o escrito de valoración e de conformidade coa LEF, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aceptar a valoración proposta polos titulares de acordo o artigo 30.1 da LEF e aprobar a folla de aprecio desta Admón. formulada polo técnico do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos para a finca 1, tal e como se reflicte de seguido:


| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 18/36 |

| Nº Finca | Titulares | Importe |
|---|---|---|
| 1 | José Cesar Pereiro Varela, Ana María e Fidel Pereiro Fernández | 19.900,57 € |

**2º.-** Consignar o importe aprobado na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial a favor dos titulares, para que, cos trámites oportunos, poidan percibilo.

**3º.-** Proceder ao aboamento da cantidade consignada de 16.756,28 € correspondente á porcentaxe da propiedade de Dª. Ana María Ferreiro Fernández e D. Fidel Ferreiro Fernández.

**4º.-** Notificar a consignación da cantidade de 3.144,29 € correspondente a porcentaxe da propiedade de D. José Cesar Ferreiro Varela á Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"En relación coa Convocatoria e Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

"Antecedentes de feito

Primeiro.- Tal e como recoñece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

*"Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.*

*(...).*

*A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron*

*paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.*

*(...).*

*Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).*

*Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.*

*Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.*

*Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.*

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, o Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:

- Fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción.
- Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.
- Potenciación dos produtos autóctonos.

Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2024, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia,


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 20/36 |

concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa "Da escola á granxa", para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

*"A raza Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia, cuxo acervo xenético constitúe unha parte imprescindible dos recursos zooxenéticos autóctonos de Galicia e, en particular, da provincia de Lugo, que concentra a maior parte das explotacións e da cabana gandeira.*

*Os recursos xenéticos animais endóxenos caracterízanse pola súa perfecta adaptación ao medio ambiente e aos recursos naturais, polo que garanten a conservación dunha contorna medioambiental e o desenvolvemento dos ecosistemas naturais. Neste senso, a raza bovina Rubia Galega supón un recurso xenético de riqueza incalculable dende diversos punto de vista, tanto económicos como sociais e ambientais.*

*Sen embargo, analizando as derradeiras décadas do medio rural lucense, atopámonos con que o sector gandeiro provincial iniciou, durante os últimos anos, un proceso de diminución do número de explotacións e do censo de animais, en particular, da raza Rubia Galega.*

*A idade avanzada dos titulares das explotacións, a falta de relevo xeracional, o incremento dos custos de produción e a falta duns prezos dignos e estables do produto final durante todo o ano son os principais factores que dificultan a competitividade do sector gandeiro e, en particular, dos gandeiros dedicados á raza Rubia Galega, que, en moitas ocasións, se ven abocados a pechar as explotacións.*

*Este descenso de explotacións e animais desta raza bovina, maioritaria na provincia de Lugo, trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, limitando a conservación dos ecosistemas naturais e provocando unha modificación da paisaxe rural histórica e, polo tanto, unha perda cultural ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas gandeiras tradicionais condicionadas polo medio natural específico e do material e recursos xenéticos dos animais autóctonos provinciais.*

*Cómpre ter en conta que a raza bovina Rubia Galega é o froito da selección, durante séculos, dos animais mellor adaptados aos recursos naturais da zona, así como aos sistemas de manexo e alimentación tradicionais. Existen evidencias da influencia de*

*factores xenéticos sobre as características de rusticidade: resistencia ás oscilacións de temperatura, radiacións solares, esixencias de auga, enfermidades, etc.*

*Os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais, que se transmiten hereditariamente e que son distintas ás outras poboacións, determinando a diferenciación do produto obtido. En condicións adversas, as razas autóctonas son capaces de obter unha maior produtividade que as razas exóticas e foráneas.*

*O mantemento desta riqueza gandeira é imprescindible para o desenvolvemento sustentable das áreas rurais, para a fixación de poboación no medio rural e para a conservación dos ecosistemas naturais.*

*En definitiva, unha xestión axeitada dos recursos xenéticos animais, en particular da raza Rubia Galega, supón a súa conservación para acadar o desenvolvemento sustentable do rural provincial, en especial, as zonas de montaña, e garante aos consumidores características diferenciais en canto á orixe, tradición e calidade do produto final, así como a seguridade alimentaria.*

*Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, mantense o programa de axudas que, dende o ano 2019, se dirixen aos criadores da raza bovina pura Rubia Galega, que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación na promoción e potenciación desta raza autóctona, incentivando a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico, perseguindo a redución dos custos de produción e o incremento da competitividade das explotacións."*

Fundamentos se Dereito

I. Normativa aplicable

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (no sucesivo, RLXS).
- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG).
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo - publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (no sucesivo, OXS).
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).
- A normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, art. 87 a 89)
- Real Decreto 1755/1987, do 26 de decembro, e disposicións concordantes.
- As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (no sucesivo, RODPL).
- As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. As Bases reguladoras das subvencións

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

*"Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:*

*a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.*
*b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.*
*c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública."*

Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, *con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos* na LXS, tal e como estable o artigo 9.2 da dita Lei.

Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

*"As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións."*

A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:

1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.

2) citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.

Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que *"os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión"*.

Á mesma conclusión se chega da lectura do artigo 20.2.a) da LSG, consonte ao cal a convocatoria dos procedementos de concesión de subvencións conterá, entre outras, "*indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que estea publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria".*

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa "Da escola á granxa" esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Definición precisa do obxecto da subvención.
b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditalos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
e) Procedemento de concesión da subvención.

f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.
g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.
h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.
j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.
m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condición tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.
n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.
o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.
p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.
q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.


| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 25/36 |

Con todo, é criterio desta entidade o de denominar ás normas reguladoras das subvencións Bases canalizadoras, polo que as Bases que aquí se informan correspóndense con esa denominación.

III. Procedemento de concesión

Consonte ao artigo 19.2 da LSG, "*as bases reguladoras poderán excepcionar do requisito de establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei".*

*Asemade, o artigo 22 da mesma Lei establece que "as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no artigo 19.2 da presente lei poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formulase ao órgano concedinte directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá en ningún caso o órgano avaliador ao que se refire o artigo anterior.*

Ao abeiro do citado artigo, sendo que a concesión das subvencións realizarase en función da orde de presentación das solicitudes e atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, o procedemento de concesión das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva.

IV. Convocatoria das subvencións

En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

*1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).*

*2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:*

*a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.*
*b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.*

*c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.*
*d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.*
*e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditalos.*
*f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.*
*g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.*
*h) Prazo de resolución e notificación.*
*i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.*
*j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.*
*k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.*
*l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.*
*m) Prazo de xustificación da subvención.*
*n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).*

*(...).*

*5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).*

No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

V. Requisitos para o outorgamento das subvencións

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

*"a) A competencia do órgano administrativo concedinte.*
*b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.*
*c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.*

*d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.*
*e) A aprobación do gasto polo órgano competente."*

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2024 establece que "*o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente."*

No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

VI. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

*Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:*

*(...).*

*d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.*

A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que *"os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois."*

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2.1, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:


| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 28/36 |

*a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.*

*(...).*

*c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.*

VII. Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, *o órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.*

VIII. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa

A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que este será o quinto ano no que esta entidade vai poñer en marcha este Programa.

Analizando os resultados de anteriores anualidades, pódese concluír que, se ben na primeira anualidade os animais elixibles foron 525, recibindo os seus propietarios, por cada un deles, 380,95 €, o éxito do Programa fixo que o número de animais elixibles fora subindo ano a ano, ata chegar, na anterior anualidade, aos 1.065 e recibindo os seus propietarios, polo tanto, tan só 187,62 €.

É dicir, en unión con outros factores, o Programa cumpriu un dos seus obxectivos: aumentar o número de femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega. Porén, isto levou aparellado que, ao dispoñer do mesmo orzamento, os importes das axudas foran diminuíndo ano a ano.

Por elo, e tendo en conta que os custos de produción aumentaron sensiblemente en tódolos sectores nos últimos anos, dende a Área de Medio Rural e do Mar, estimamos que cómpre, tan sequera, recuperar o valor das axudas outorgadas na primeira edición do Programa. Razón pola que se establece un importe único das axudas de 400 € por animal elixible, ata esgotar o orzamento dispoñible, 200.000 €.

Por todo o exposto, informo favorablemente:


| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 29/36 |

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2024.

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo."

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024."

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección I de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre as Bases que rexerán a citada convocatoria e os modelos de solicitude das subvencións.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Intervención fiscalizou favorablemente o expediente o 22 de agosto de 2024.

Por todo o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2024.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

**3º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo."

**4º.-** A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS, NA ANUALIDADE 2024.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Antecedentes

1. A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 16 de febreiro de 2024 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024.

2. O extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 043 do mércores 21 de febreiro de 2024.

3. O día 12 de xullo de 2024 constituíuse a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non superaren o limiar mínimo da primeira fase da valoración ou non cumpriren os requisitos para poder ser beneficiario nesta convocatoria.

4. A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 19.07.2024, aprobou a resolución provisional de concesión de subvencións no procedemento de concorrencia competitiva de referencia, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuraban nas respectivas listaxes.

Con posterioridade, o 24.07.2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo (nº 171) a resolución provisional da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento

de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.

Así mesmo o acordo de resolución provisional tamén foi obxecto de publicación na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

A partir da publicación deste anuncio no BOP concedeuse aos interesados un prazo de 10 días para presentar alegacións en relación á referida resolución provisional.

5. No prazo concedido ao efecto, a Asociación Corripa presentou dous escritos de renuncia o día 28.07.2024 no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo:

- No escrito con nº rex. 2024RT013999, a Asociación Corripa renuncia a subvención concedida provisionalmente pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na Liña 10.2 RB Terras do Miño da convocatoria, por importe de 2.068,05 € para a actividade "A biodiversidade está en xogo na Reserva da Biosfera Terras do Miño".

- No escrito con nº rex. 2024RT014000, a Asociación Corripa renuncia a subvención concedida provisionalmente pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na Liña 10.3 RB Os Ancares Lucenses da convocatoria, por importe de 3.512,73 € para a actividade "A biodiversidade está en xogo na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses".

As bases da convocatoria indican na base 10ª Resolución e Comunicación o seguinte:

"Se neste prazo algún interesado presentase a súa renuncia á subvención concedida nesta resolución provisional, o crédito que quede dispoñible poderá repartirse entre o resto de solicitantes propostos provisionalmente como beneficiarios/as dunha subvención. Este reparto realizarase proporcionalmente aos puntos acadados por cada un na valoración da súa solicitude, respectando o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria, así como o importe da subvención solicitada por cada entidade."

Por esta razón realizouse un novo reparto co importe das renuncias presentadas en cada liña da convocatoria (2.068,65 € na Liña 10.2 RB Terras do Miño e 3.512,73 € Liña 10.3 RB Os Ancares Lucenses), de xeito proporcional aos puntos acadados por cada solicitante na valoración da súa solicitude, respectando o importe mínimo e máximo establecido na convocatoria (1.000,00 € e 7.000,00 € respectivamente), así como o importe da subvención solicitada por cada entidade.

Achéganse as listaxes con novo reparto de subvencións a percibir por cada unha das entidades beneficiarias na Liña 10.2 "Reserva da Biosfera terras do Miño" e na Liña 10.3 "Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses".


| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 32/36 |

6. O día 13.08.2024 recibimos neste servizo certificacións das secretarías das asociacións Agrupación de Produtoras e Produtores de Carne de Alta Montaña – APROCAM e Asociación de Labregas e Labregos Terras de Valcarce do acordo da fusión de ámbalas dúas Asociacións, mediante a absorción da Asociación de Produtoras e Produtores de Carne de Alta Montaña -APROCAM pola Asociación de Labregas e Labregos Terras de Valcarce, de xeito que a Asociación de Labregas e Labregos Terras de Valcarce asumiu todas as responsabilidades e obrigas da asociación fusionada. Achegaron ao expediente de solicitude nova documentación actualizada, Anexo I e II, CIF,os estatutos, certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, certificación do acordo de fusión e aceptación da subvención en réxime de concorrencia competitiva, xustificando que pode ser beneficiario da mesma.

No expediente obrante nesta unidade administrativa existe declaración responsable deste beneficiario, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nestas bases.

Segundo as bases da referida convocatoria, o órgano instrutor, á vista do expediente, formulará a proposta de resolución definitiva.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base aos informes obrantes no expediente:

**1º.-** Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións que se mencionan nas listaxes que se figuran no expediente, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.

**2º.-** Notificar o presente acordo definitivo aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, por medio de publicación no BOP .Así mesmo o citado acordo de resolución definitiva tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA PARA ACTIVIDADES CULTURAIS, 2023.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica celebrada o día 13 de decembro de 2023 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 289, do día 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2023; e vistas as renuncias

presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

| Nome Entidade | Subvención |
|---|---|
| Asoc. Educativo Cultural Airoa Comunicación | 1.278,00 |
| Sdad. Cultural Recreativa Musical Ledicia | 1.278,00 |

**7. PROPOSTA DE COMPATIBILIDADE PARA SEGUNDO POSTO NO SECTOR PÚBLICO COMO PROFESOR UNIVERSITARIO ASOCIADO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DE DURACIÓN DETERMINADA, DUN FUNCIONARIO PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que D. Darío Ferreiro Otero, funcionario de carreira desta Deputación Provincial de Lugo, ven de solicitar por medio de escrito de data 26 de xuño de 2024, o recoñecemento de compatibilidade para prestar servizos, en réxime laboral, a tempo parcial, con dedicación P3 (90 horas anuais) durante o curso 2024-2025, como Profesor Asociado no Departamento de Enxeñaría Agroforestal, da Escola Politécnica Superior de Enxeñería de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela) ao resultar gañador do concurso público nº 49*HS/24-25 da Universidade de Santiago de Compostela en data 25 de xuño de 2024.

Segundo acredita mediante documentos que acompaña á referida solicitude de recoñecemento de compatibilidade, a xornada de traballo ordinaria será de 6 horas semanais sendo esta xornada inferior á dun traballador a tempo completo, comparable, prestadas en xornada de tarde.

A retribución a percibir pola citada actividade como Profesor Asociado é de 471,40 € brutos mensuais.

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

*"1º.- Segundo se desprende dos antecedentes que obran na Unidade de Administración de Recursos Humanos, D. Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Cadro de Persoal Funcionario, que presta na actualidade os seus servizos na Deputación Provincial de Lugo ocupando o posto de traballo de Enxeñeiro/a Camiños Canles e Portos/Adxunto/a Xefe/a Servizo Vías e Obras.*

*2º.- Resulta de aplicación ao asunto solicitado o establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que establece as condicións e requisitos que se deben cumprir para autorizar a compatibilidade:*

*a) A actividade docente poderá ser declarada como compatible se é "como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial." (art. 4.1 da Lei 53/84, de 26 de decembro).*

*b) A segunda actividade non suporá "modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos de traballo e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos" (art. 3.1 da Lei 53/84, de 26 de decembro).*

*c) A retribución total por ambos os dous postos e actividades non superará "a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 %" (art. 7.1 da Lei 53/84, de 26 de decembro).*

*d) Os servizos prestados no segundo posto ou actividade "non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos e as pagas extraordinarias así como as prestacións familiares só poderán percibirse por un dos postos". (art. 7.2 da Lei 53/84, de 26 de decembro).*

*3º.- Dos datos aportados polo solicitante despréndese que cumpre coas condicións anteriores de vínculo laboral de duración determinada, con xornada a tempo parcial (nº de horas semanais menor das sinaladas no RD 598/1985, de 30 de abril, de desenvolvemento da Lei 53/84), con retribución total inferior á sinalada no artigo 22.2 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado prorrogados para o ano 2024 e con percepción das pagas extras por un so dos postos a desempeñar, neste caso, polo da Deputación de Lugo.*

*4º.- O interesado aporta acta final do concurso e proposta de contratación da USC. Por parte da USC achégase certificado de haberes, facendo constar que non percibe por parte da Universidade pagas extraordinarias; informe da Reitoría da Universidade favorable para compatibilizar o posto de profesor asociado a tempo parcial P3, na Universidade de Santiago de Compostela, coa súa actividade pública principal na Deputación de Lugo, así como informe emitido polo Xefe do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC sobre os horarios detallados que lle serán asignados, en horario de tarde. Documentación que confirma tódalas condicións necesarias para poder declarar a compatibilidade da segunda actividade pública para a que se solicita autorización por parte dos órganos competentes desta Entidade.*

*5º.- Segundo se sinala no artigo 59. 3 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020), corresponde á Xunta de Goberno "autorizar ou denegar as situacións administrativas, mesmo a de compatibilidade para un segundo posto de traballo ou actividade no sector público (…)".*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Fecha y Hora | 27/08/2024 13:11:00 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4PCID34N53U53QXB6V76IU | Página | 35/36 |

Por todo canto antecede, vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se acorde:

Autorizar a compatibilidade da actividade de D. Darío Ferreiro Otero desenvolvida como Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Cadro de Persoal Funcionario, ocupando o posto de Enxeñeiro/a Camiños, Canles e Portos/Adxunto/a Xefe/a Servizo Vías e Obras desta Deputación Provincial de Lugo, cunha segunda actividade como profesor asociado.

Tal autorización terá vixencia mentres tanto non se incumpran os requisitos e condicionantes legais enumerados no presente informe. Non obstante, o indicado funcionario quedará na obriga de presentar anualmente nesta Entidade a documentación acreditativa da relación laboral, así como as súas condicións, que manteña coa Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela). No suposto de incumprimento daquela obriga o órgano competente desta Entidade procederá a deixar sen efecto a concesión da presente autorización, trasladando a correspondente resolución ao indicado Centro Universitario."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

No se presentan

**9. ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**